

## NOTA DE PRENSA

# O Museo Casa da Troia reabre todos os venres e sábados ata mediados de xullo e o resto do verán poderá visitarse no seu horario habitual

**Con motivo da celebración da Festa da Memoria de San Martiño Pinario este sábado, a entrada será gratuíta para todos os visitantes que se acheguen ao museo vestidos dos anos 60 ou 70**

---

*Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa da Troia volve abrir as súas portas durante o verán, dende este venres día 5 e ata finais de setembro. Ao longo do mes de xuño e ata mediados de xullo poderá visitarse os venres e os sábados; os venres en horario de 11:00 a 14:00 horas polas mañás e de 16:00 a 22:00 horas polas tardes e os sábados de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas. O resto do verán o museo abrirá no seu horario habitual.

Este sábado a asociación cultural San Martiño Pinario celebra a terceira edición da Festa da Memoria *50 Anos Aló*, unha xornada lúdica dedicada aos anos sesenta e setenta. Con motivo destes festexos, a entrada á Casa da Troia será gratuíta para todos os visitantes que se acheguen vestidos da época.

O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**, manifesta que “este ano estamos a facer un esforzo especial para ampliar a temporada de apertura do museo no verán con motivo da conmemoración do centenario da publicación da novela de Alejandro Pérez Lugín *La Casa de la Troya*”.

“Hai moita xente que nos pregunta a través das redes sociais pola reapertura do museo e teñen interese en vir a Santiago a visitalo” -destaca **Amor**-. O presidente da Asociación de Antigos Tunos salienta “o compromiso das dúas guías da Casa da Troia como unha parte fundamental do éxito do museo”.

### **Visitas dramatizadas durante todo o verán**

O Museo Casa da Troia tamén abre as súas portas en Semana Santa pero é nos meses de verán cando acolle unha maior afluencia de público, tanto por parte dos turistas de diferentes nacionalidades coma dos propios composteláns. En concreto, recibe unhas trinta visitas diarias e a cifra de visitantes estranxeiros representa o 20 por cento do total.

Ofrécense percorridos guiados en galego, castelán ou inglés pola antiga pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa célebre novela de 1915. E tamén se manterán as xa habituais visitas dramatizadas, de xeito que revivirá a figura de Dona Generosa, a patroa da vella pensión estudantil. No mes de xuño e ata mediados de xullo estas visitas teatralizadas terán lugar os venres ás 11:00 e ás 21:30 horas e os sábados ás 11:00 horas. Poden concertarse visitas para grupos chamando ao teléfono do Museo: **981 585 159**.